



Recomendación dirixida á Consellería de Política Social para que se adopten as medidas precisas para levar a cabo un proceso de escoita activa dos menores aos que se refire este expediente, tratando de esclarecer a percepción que os nenos teñen sobre o seu entorno; o sentimento de estaren coidados e protexidos; as atencións médicas a de nutrición; o apoio escolar; e as demais circunstancias que se consideren relevantes para determinar ou non a conveniencia dunha medida de protección, tendo en conta tamén a situación persoal do proxenitor co que conviven.

Expediente: O.3.Q/2880/19

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2019

Sra. conselleira:

Como sabe, ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D^a [REDACTED], avoa materna de dous menores que teñen aberto un expediente de protección desde decembro de 2014, malia que non se teña adoptado respecto dos menores ningunha medida en particular.

ANTECEDENTES

A queixa foi admitida a trámite e requirimos informe desa administración sobre as cuestións promovidas pola interesada. Acusamos recibo do seu informe, que foi rexistrado nesta institución na data do 16 de outubro de 2019.

Unha vez examinado en detalle o devandito informe se concluíu que co seu contido non era posible realizar unha valoración definitiva do obxecto da queixa, e iso polas razóns que a continuación se mencionan:

Existían moitas discrepancias entre o relato da avoa e o informe; de feito, o informe non menciona a denuncia por violencia de xénero interposta pola nai dos menores no ano 2008 contra o proxenitor nin o curso que se lle deu a esta situación no propio servizo.

Con todo, o elemento máis problemático eran as dúas copias dos partes de lesións achegadas pola avoa e que foron remitidos polos servizos médicos (o PAC de [REDACTED].) ao xulgado

competente por entender que a exploración era compatible cos feitos alegados, declarando os menores asistidos no centro sanitario que as lesións llas producira o pai ao golpearlles a cabeza cunha tablet. O informe non fai ningunha valoración deste asunto nin traslada ningunha información sobre as eventuais dilixencias previas ou procedementos xudiciais abertos, no seu caso.

Outra situación non esclarecida referíase as reiteradas faltas ao centro escolar (malia que foran xustificadas polo pai), o que é incompatible cunha situación escolar normalizada.

Finalmente, detectouse algunha situación disfuncional na supervisión por parte dos técnicos do ETM que era denunciada pola avoa no seu escrito en canto á falta dunha visita regular aos nenos para comprobar a súa situación.

Celebrouse unha reunión entre os avós e a xefa do Servizo de Protección da Consellería de Política Social para que puideran trasladarlles a súa percepción sobre a situación e as necesidades dos menores, que teñen aberto un expediente de protección pero respecto dos que non se ten adoptado aínda ningunha medida. Esa entrevista tivo lugar o día 10 de decembro.

Produciuse tamén na mesma data unha entrevista co Fiscal xefe de Pontevedra, aos efectos de esclarecer a situación do pai.

Pola súa parte, a Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia trasladou a esta institución información sobre as dilixencias preprocesuais nº [REDACTED] abertas nesa fiscalía e sobre a execución e títulos xudiciais [REDACTED], dimanante do xuízo verbal en materia de réxime de visitas aos avós [REDACTED], do Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 3 de [REDACTED]. Literalmente, no oficio da Fiscalía Superior indícase o seguinte:

“Examinado el asunto por la Fiscalía Provincial de Pontevedra, se constatan 45 hitos procesales, del juzgado, las partes y Ministerio Fiscal, desde el 10 de julio de 2015 para resolver la entrega de los niños a la abuela materna demandante. El último conocido el 9 de diciembre de 2019 donde el Fiscal del caso interesó determinadas actuaciones instando como vino haciendo anteriormente la ejecución y tramitación adecuada del procedimiento. Así mismo, la Fiscalía Provincial informa que se ha tomado en consideración la petición de formular nueva petición ante el órgano judicial, con la intención de que el obligado ha de hacer entrega de los menores y sea requerido en tal sentido, de tal forma que de no cumplir su obligación podría incurrir en delito de desobediencia. Por otro parte, cabe resaltar que recientemente han sido recibidos los abuelos de los menores en la propia fiscalía provincial y con sus declaraciones se

estudiará si se da o no una situación de desamparo, para instar la actuación correspondiente de protección, en su caso.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración e no oficio da Fiscalía Superior, cómpre facer as seguintes consideracións:

Unha das liñas da *Estratexia Galega para a Infancia e Adolescencia* (EGIA) 2016-2020 determina que para a intervención en situacións de dificultade, risco e conflito persoal, familiar e social, prevese desenvolver unha intervención integral, que teña en conta as diferenzas individuais, de xénero e os contextos socio-familiares, dirixida ás persoas menores de idade que se atopen en situacións de gran vulnerabilidade. Para a mellora da calidade do sistema e a práctica institucional, o obxectivo é reforzar a calidade dos recursos dirixidos á infancia e á adolescencia a través da investigación e do coñecemento, da formación, da capacitación e da cooperación para lograr maiores cotas de benestar, considerando o enfoque de xénero e criterios de eficacia e eficiencia.

Como esta institución ven poñendo de manifesto fai tempo, nas situacións problemáticas ou disfuncionais da vida dos menores (as posibles situacións de risco ou desamparo, a ruptura da convivencia entre os seus proxenitores, a falta dunha situación familiar estruturada,...) debe tomarse en consideración os desexos, sentimentos e opinións do menor, así como o seu dereito para participar progresivamente, en función da súa idade, madurez, desenvolvemento e evolución persoal, no proceso de determinación do seu interese superior. Por tanto, débese garantir que o menor sexa oído e escoitado sen discriminación algunha por idade, discapacidade ou calquera outra circunstancia, tanto no ámbito familiar como en calquera procedemento administrativo, xudicial ou de mediación en que estea afectado; que se teña en conta a súa madurez, considerando, en todo caso, que os menores teñen suficiente madurez aos doce anos cumpridos pero que teñen capacidade de expresar claramente a percepción das súas circunstancias vitais en idades máis temperás; e que nos procedementos xudiciais ou administrativos, as comparecencias ou audiencias do menor teñan sempre carácter preferente.

Neste suposto concreto, bótase en falta unha activa escoita dos menores por parte dos técnicos dos equipos para poder definir as circunstancias reais nas que se desenvolve a súa vida; quen conforma a súa unidade de convivencia e de quen perciben os nenos os cuidados; que apoio reciben nas tarefas escolares e na súa vida de relación cos seus compañeiros e iguais; o desenvolvemento das visitas cos avós e todas as demais circunstancias que poidan relatar sobre o seu contexto vital. É particularmente importante indagar sobre as posibles situacións de violencia que poidan presenciar ou que poidan experimentar eles mesmos.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa consellería a seguinte **recomendación:**

Que por parte do órgano competente, se adopten as medidas precisas para levar a cabo un proceso de escoita activa dos menores aos que se refire este expediente, tratando de esclarecer a percepción que os nenos teñen sobre o seu entorno; o sentimento de estaren coidados e protexidos; as atencións médicas e de nutrición; o apoio escolar; e as demais circunstancias que se consideren relevantes para determinar ou non a conveniencia dunha medida de protección, tendo en conta tamén a situación persoal do proxenitor co que conviven.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo